

Anuncio convocatoria 32º Edición da Feira do Galo de Nadal 2024

O Concello de Arteixo anuncia a convocatoria da 32º edición da Feira do Galo de Nadal 2024, de conformidade coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 31 de outubro de 2024, que se publican a continuación e que permanecerán expostas ao público durante o prazo de presentación de solicitudes:

BASES DA 32ª EDICIÓN DA FEIRA DO GALO DE NADAL 2024

- 1.- O Concello de Arteixo, a través da Concellería de Promoción Económica e Festas convoca a “32ª Edición da Feira do Galo de Nadal 2024”.
- 2.- Poderán participar neste concurso todas as persoas físicas que presenten ao concurso galos vivos de curral ou cestas con galos de curral preparados.
- 3.- Para inscribirse no concurso, deberán entregar entre as 8:00 h e as 11:00 h do día 21-12-2024, aos responsables municipais da Feira unha solicitude de inscrición, segundo o modelo creado a tal efecto e que se transcribe deseguido:

SOLICITUDE DE INSCRICION NO 32ª EDICIÓN DA FEIRA DO GALO DE NADAL 2024

Número:

Nome do Criador:

DNI:

Teléfono:

Peso:

Procedencia

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)

En virtude do Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán comunicados a terceiros. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, e os de limitación e oposición ao seu

tratamento dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1, Arteixo.

4.- Os galos vivos e as cestas con galos preparados serán examinadas polo xurado o día 21-12-2024, entre as 11:00 e as 12:00 horas.

5.- O xurado estará composto por:

- a. Tres expertos criadores de galos.
- b. Un técnico/a da Concellería de Promoción Económica e Festas ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretario/a do xurado.

6.- Establécense dúas categorías de premios dotados coas seguintes contías:

- Categoría de Galo Vivo:

- 1º Mellor galo vivo – 300,00 euros (trescentos euros)
- 2º Mellor galo vivo – 250,00 euros (douscentos cincuenta euros)
- 3º Mellor galo vivo – 200,00 euros (douscentos euros)
- 4º Mellor galo vivo - 150,00 euros (cento cincuenta euros)
- 5º Mellor galo vivo – 100,00 euros (cen euros)

- Categoría de Cesta de Galo Preparado:

- 1º Cesta mellor presentada - 275,00 euros (douscentos setenta e cinco euros)
- 2º Cesta mellor presentada - 225,00 euros (douscentos vinte e cinco euros)
- 3º Cesta mellor presentada - 175,00 euros (cento setenta e cinco euros)
- 4º Cesta mellor presentada - 125,00 euros (cento vinte e cinco euros)
- 5º Cesta mellor presentada – 75,00 euros (setenta e cinco euros)

7.- Os premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante cheque bancario o día da celebración, por parte dos responsables da Feira Municipal.

8.- Non poderán obter a condición de premiados as persoas nas que concorran as circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, en relación co artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

9.- O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

10.- A adxudicación dos premios farase seguindo a orde de prelación das solicitudes de participación no concurso en base os seguintes criterios obxectivos dos galos presentados:

- Ser de curral
- Alimentado con millo
- Criado en liberdade
- Tempo ideal de crianza dun ano ou ano e medio
- Plumaxe louro ou moreno
- Crista grande
- Patas dereitas e amarelas

11.- O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, e darase a coñecer as 13:00 do día 21-12-2024.

12.- O feito de participar no concurso significa a aceptación das bases.